

Delectando pariterque monendo (Horacio, *Ars Poetica*)  
“O mestre procurará instruír deleitando e á vez aconsellando”.

O artigo amosa unha experiencia didáctica de utilidade para unha aproximación aos latinismos e expresións latinas de uso máis frecuente, e todo, dende unha óptica renovadora e normalizadora. A experiencia desenvolveuse nas materias de Latín I e Latín II no IES Portovello de Ourense durante o curso 2003/2004 e recibiu o terceiro premio á Innovación Educativa do ano 2004, convocado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

# O latín, unha lingua moi viva

**Óscar Sánchez Vidal**

Xefe do departamento de Latín  
IES Portovello, Ourense

Hai que dicir, para non faltar á verdade, que o nacemento deste traballo é froito dunha casualidade. No curso escolar 2000/2001, asígnaseme a titoría dun grupo de primeiro de bacharelato. Entre as tarefas encomendadas ao principio de curso, debo afrontar a elección de delegado e subdelegado. Para o efecto, paso a ler o regulamento recollido no DOG sobre o tema. No momento en que o documento menciona a necesidade de *quórum*, as reaccións dos alumnos lévanme a pensar que descoñecen por completo o uso e o significado do latinismo.

Non quedaba máis opción que explicarlles a orixe. Así que, póñoilles diante outros latinismos e situacións nas que eran empregadas habitualmente expresións latinas desta condición, como *sine die*, *numerus clausus*, *de facto*, etc.

A sorpresa é enorme cando me decato que máis do 95% da aula ignora o significado deste conxunto de expresións, e aínda se mostra máis perplexo cando se lle dá a coñecer o contexto no que hai que empregalas. É máis, a inmensa maioría tampouco é quen de definir ou aclarar o termo latinismo.

Metidos xa na cerna da conversa, procuro mostrarlles a importancia da lingua latina como berce da nosa fala, e máis concretamente, a utilidade de coñecer o significado, o contexto de uso dos latinismos e expresións latinas, e a frecuencia do seu emprego. O alumnado parece que vai aceptando pouco a pouco as miñas cavilacións, de xeito que argallo a idea dun traballo didáctico que evidencie a frecuencia e uso cotián de todas as locucións latinas.

O medio que mellor se presta para as miñas pretensións é a prensa escrita de tiraxe ampla. E a novidade vén, sen dúbida, polo uso de artigos escritos en lingua galega. A partir de aí comezo a práctica de legoeiro á procura do maior número posible de textos de diferentes xéneros xornalísticos (noticias,

reportaxes, crónicas, artigos...) que inclúan latinismos, expresións e frases latinas.

**Desenvolvemento da experiencia**

Dedicámoslle ao traballo unha sesión semanal, aproximadamente, durante o terceiro trimestre do curso. Con el pretendemos que o alumnado adquira hábitos intelectuais e novas técnicas de traballo. Trátase de construír, asemade, a necesaria ponte entre a investigación educativa e a súa manifestación didáctica na aula.

Antes de comezar facémonos cun material accesible para o alumnado e, mesmo, útil para o profesorado, que consiste nun pequeno caderno de traballo, un *vademecum*, que contén toda a parte teórica (parte I) e unha serie de materiais de prensa escrita (parte II):

**Parte I:**

Caderno de traballo, que inclúe información estruturada en tres bloques:

- A) Latinismo: concepto.
- B) Pronuncia en latín.
- C) *Corpus* básico de latinismos e expresións latinas traducidas, comentadas e con exemplos vivos, procedentes dos *mass media*. Algunhas entradas non inclúen exemplificación, xa que para manter a idea de vixencia e actualidade das locucións latinas, optamos por non facilitar exemplos nin supostos nin inventados. Figuran máis de 250 latinismos e expresións. A continuación, presentamos unicamente un caso:



Os alumnos localizan nos xornais locucións e frases latinas.

**LATINISMOS E EXPRESIÓNS LATINAS****SIGNIFICADO**

O significado intenta ser o máis literal posible.

**EXPLICACIÓN DO SEU USO**

Exemplo (os exemplos proceden dos *mass media*)

**A DIVINIS  
(mysteriis)**

'das cousas divinas'  
'dos misterios divinos'

Expresión empregada como complemento de -suspender- ou -suspensión-, que sinala unha pena canónica que consiste na suspensión do exercicio das ordes sacras, é dicir, do seu ministerio, ao crego culpable. Ex: O bispo de Huelva anunciou que, previsiblemente, suspenda *a divinis* o sacerdote gay.

**AB INTESTATO**

prep. de abl. ab: 'dende' +AB. do adxectivo *intestatus*, -a, -um: 'sen testamento'

'sen testamento', 'que non fixo testamento', 'sen facer testamento'

Expresión moi habitual no ámbito xurídico que se aplica á situación que se desencadea cando alguén morre sen ter feito testamento. Por extensión, tamén se di herdar *ab intestato* 'herdar de alguén que morreu sen facer testamento'. Para o que falece sen testar, a xustiza ten un procedemento xudicial que goberna o destino dos seus bens (Código Civil, art. 912).

Ex. Ao parecer o xulgado tivo que intervir porque morreu *ab intestato*.

**ACCESSIT**

(3.<sup>a</sup> pers. sg. pretérito perfecto de ind. do verbo *accedo*: 'acercarse')

'achegouse'  
'chegou cerca'  
'aproximouse'

Habitualmente dáse este nome, nun certame ou concurso, ao galardón que sinala aquelas obras que, sen gañar ningún premio instituído, son distinguidas por obter unha clasificación inmediatamente inferior á que ten recompensa.

Ex. "Cada premio ou *accésit* adjudicárase a un libro de poemas con tema libre e extensión mínima de cincocentos versos", pódese ler nas bases do premio Fernando Esquíu.

**IN ITINERE**

cf. *in transitu*  
prep. *in+ab.* de *iter itineris*:  
'camiño, traxecto'

'no camiño'  
'durante a viaxe'

Recolle esta frase a Lei xeral da Seguridade Social (art. 115. 2) para denominar o accidente sufrido polo traballador cando se produce no camiño de ida ou volta do traballo. Cualifícanse como accidentes *in itinere* ou *in transitu*.

Ex. O ano pasado, segundo a Seguridade Social, ocorreron en Galicia 30 accidentes *in itinere*.

**Parte II:** Colleitas da prensa escrita *Corpus* de latinismos e expresións latinas tirados dos xornais galegos máis sobranceiros. Contamos máis de 150 latinismos e expresións latinas.

Por razóns de espazo, amosamos só unha pequena mostra de exemplos de textos xornalísticos, e da ficha que hai que cubrir.

**La Voz de Galicia**

MARTES 4 DE ENERO DE 2009

**ULTIMA VOZ**  
SONIA VIZOSO

Uxía descubriu un día a Xonxa, o seu primeiro *alter ego*. Foi o sintoma inicial da súa doenza artística, desa permanente crise de identidade que a converteu en actriz. UXÍA BLANCO chegará en febreiro a Portozós baixo o nome de Helena e coa intención de xestionar o varadoiro de seu pai. Está convencida de que despois disto a xente deixará de chamala Xonxa pola ría. Por uns meses, ela será só Helena.

**BEATUS QUI LEGIT**  
XESÚS ALONSO MONTERO

**M. FERNÁNDEZ NOVOA, ¿ULO?**

Nas recentes xornadas compostelás sobre «Guerra Civil e Literatura galega» falei deste profesor de primeiro ensino que publicou, en 1942, un libro de título case abraiante: *Anaquíños. Lecturas gallegas*. O libro, lonxe de ser clandestino, era un libro de texto para as escolas non só bendicido polo *nihil obstat* do bispo de Barcelona (onde se editou) senón definido como «Libro escolar aprobado por la autoridad». Eu, daquela neno de escola (tíña 13 anos), non tiven como libro de texto estas *Lecturas gallegas*, e ben que o sinto, e sinto porque era o único libro de lecturas no seu tempo que acollía textos en lingua galega, cinco: un conto de farsa popular e semellos poemas de Rosalía, Curros, Lamas Carvajal e Pondal. O texto de Pondal —¡asombro!— era o *Himno galego*.

Debo aclarar que o libro de Fernández Novoa respiraba franquismo en moitas das súas páxinas, especialmente nos capítulos titulados *El Condado* e *Calvo Sotelo*, verdadeiras haxiografías destes personaxes. En realidade, sería case suicida facelo doutra maneira. Había outras biografías, tratadas con discreción, entre elas a de Rosalía de Castro e a de Curros Enríquez. No capítulo dedicado ós cruceiros menciona a

Castelao en termos encomiásticos: «El gran caricaturista gallego...». Cita moi breve, pero quizais a única positiva na Galicia franquista naqueles tristes anos.

Trábo de imaxinar cal sería a miña reacción e a dos meus colegas, na escola de Venosela, no ano 1942, se tivésemos como libro de lecturas o de Fernández Novoa. Educados sistemáticamente na substitución do idioma galego, atopar no eido da letra impresa unhas tantas páxinas na nosa lingua significaría, sen dúbida, conferirlle, pola nosa parte, á nosa fala, un estatuto de certa consideración. Non foi así, e ós sábados, día das lecturas en voz alta, o libro escolleito na nosa escola titulábase *Lectores 18 de julio de 1936*, obra de Álvaro Cunqueiro e Antonio de Obregón publicada en 1940.

Pese a que o seu libro debería ser unha peza cobizosa para sociolingüistas e pedagogos, de M[anuel] Fernández Novoa ningún se ten ocupado entre nós. Quizais o autor aínda vive. Se é así, ¿ulo?, e, se non é así, non debería ser moi difícil chegar ós herdeiros, ós compañeiros de profesión ou ós discípulos.

ALONSO MONTERO é escritor

**NO** que vai de ano, distintos estudiosos teñen exhumado centos de páxinas de Roberto Torres, que pregoan, «urbi et orbi», a ética, a dialéctica e a estética do periodista asasinado o 2 de outubro de 1936: asasinado polas súas ideas e, tamén, pola intelixencia e brillantez literaria con que as expuña e defendía. Os verdugos, por tanto, segaron a vida do cidadán e a do escritor.

**BEATUS QUI LEGIT**  
XESÚS ALONSO MONTERO

**CASTELAO E A POLICÍA**

## OS PASOS PERDIDOS

XOSÉ DÍAZ

### DECADENCIA

A transformación cultural que sofre Europa no século XIX, provocada pola aparición dunha clase social industrial transplata-da do medio rural ás grandes concentracións urbanas, orixina unha «crise como non houbo outra na terra», tal como a califica Federico Nietzsche no seu libro *Ecce Homo*. Consecuencia do trasvase de valores e o esquecemento de antigas ideas e categorías, a crise produce un valeiro na nova sociedade desarraigada e a aparición dun sentimento de decadencia contra o que loitan os creadores máis talentosos.

XOSÉ MANUEL BEIRAS  
Portavoz Nacional do BNG



### ASIGNATURAS PENDENTES

O Euro está aquí e sabemos cómo foi a súa chegada. Celebra-se, agora, o bautizo dunha criatura que convive con nós dende hai meses e cuxas consecuencias -utilizando a linguaxe habitual dos mercados financeiros- xa están descontadas.

Se facemos caso da propaganda gubernamental, o euro chegou onte aos pechos dos cidadáns como un agasallo de reis anticipado. Pero a verdade é que, sabendo ou sen sabelo, todos cobramos e pagamos en euros dende hai tres anos, mais concretamente dende o 31 de decembro de 1998, día no que o Consello da Unión Europea aprobou os tipos de cambio fixos «ad infinitum» das respectivas moedas dos doce Estados integrantes da Unión Monetaria.



## GUÍA DE TRABAJO EN GRUPO

A) PLANIFICAR A TAREFA	<ul style="list-style-type: none"><li>· Seguir os pasos temporizados.</li><li>· Evitar que un só faga o traballo.</li><li>· Hai que elaborar os resultados e conclusións de forma individual e conxunta.</li></ul>
B) RESPECTAR CADA MEMBRO DO GRUPO	<ul style="list-style-type: none"><li>· Tratar correctamente o compañeiro/a e axudarlle a resolver as súas dúbidas.</li><li>· Solucionar os problemas que xurdan dentro do grupo e solicitar a intervención do profesor/a, sempre que sexa necesario.</li></ul>
a) PARTICIPAR ACTIVAMENTE	<ul style="list-style-type: none"><li>· Facer o traballo individual requirido.</li><li>· Compartir o noso tempo e as ideas.</li><li>· Estudar as dúbidas e dificultades cos outros membros do grupo, antes de solicitar a función orientadora do docente.</li></ul>
b) RESPECTAR UNHAS BOAS CONDICIÓNNS DE TRABALLO	<ul style="list-style-type: none"><li>· Falar en voz baixa para non molestar os outros grupos.</li><li>· Pedir a palabra antes de intervir.</li></ul>
c) NOMEAR UN PORTAVOZ	<ul style="list-style-type: none"><li>· Será o encargado de comunicarlles ao profesor e aos outros grupos as conclusións obtidas.</li><li>· Será un cargo rotatorio para que participen todos os alumnos/as do grupo.</li></ul>

